



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ANUNCIO DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO ALCALDE NA NOVA CONCELEIRA DO GOBERNO DE VAL DO DUBRA ROSA MARÍA DOMÍNGUEZ RIAL

Por esta Alcaldía, mediante resolución número 618/2026, do 11.08.2026, adoptouse o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Modificar o punto primeiro da Resolución núm. 415/2023, do 22.06.2023, con respecto ás delegacións especiais e que quedaría redactado do seguinte xeito:

“Efectuar as seguintes delegacións, que comprenderán as xestións das correspondentes áreas:

Concellería delegada	Concelleiro/a
CONCELLERÍA DE ECONOMÍA, FACENDA, COMERCIO, TURISMO E IGUALDADE Comprende as áreas e funcións de Orzamentos, Tributos, Tesourería, Comercio, Consumo, Feiras, Turismo e Igualdade	Raquel Mallo Domínguez
CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL, VOLUNTARIADO, MOCIDADE E PARTICIPACION CIDADÁ Comprende as áreas e funcións de Servizos Sociais, Conciliación, Migración, Voluntariado, Mocidade e Participación cidadá.	María del Carmen Vilacoba Mourelle
CONCELLERÍA INFRAESTRUTURAS E OBRAS, PATRIMONIO HISTÓRICO, MEDIO RURAL E EMPREGO Comprende as áreas e funcións de Planificación e Programación de Obras, Brigadas municipais de obras, Camiños rurais, Patrimonio, Extinción e prevención de Incendios e Emprego	Antonio Negreira Noya
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN E CULTURA Comprende as áreas e funcións de Educación, Escola infantil municipal, Servizo de madrugadores, Cultura, Festas, Escola de música, Biblioteca municipal	Rosa María Domínguez Rial
CONCELLERÍA DE DEPORTES, PROMOCIÓN DA SAÚDE E INNOVACIÓN Comprende as áreas e funcións de Deportes, Saúde, Aula Mentor, e TICs	Iván Barcia Fernández

O contido das delegacións en favor dos concelleiros/as que se designan comprende a facultade de dirixir os servizos correspondentes ás áreas que comprenden, así como a de xestionalos, incluída a competencia para formular propostas, asinar escritos e comunicacións de trámite, recordatorios e outros semellantes, pero non a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O alcalde Diego Luis Díaz Méndez, xestionará deste xeito as competencias non



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcái, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

delegadas, sendo estas as seguintes:

ADMINISTRACIÓN XERAL, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS BÁSICOS, URBANISMO, MOBILIDADE E SEGURIDADE

Rexistro, Secretaría- Intervención, Contratación, Recursos Humanos, Comunicación, Normalización Lingüística, Relacións institucionais, Transparencia, Xestión do lixo, Urbanismo, Planeamento, Mobilidade e Protección Civil".

SEGUNDO.- Notifíquese esta resolución á concelleira afectada co fin de que exprese a súa aceptación. Esta resolución terá efectos dende a dita aceptación pola concelleira interesada.

TERCEIRO.- Publíquese esta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Val do Dubra.

CUARTO.- Dese conta ao Pleno da Corporación en cumprimento do establecido no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Val do Dubra, 17 de agosto de 2026

O alcalde

Diego Luís Díaz Méndez